

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL. EJERCICIO ECONÓMICO 2010

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal laboral temporal para a execución de diferentes obras públicas municipais e o mantemento de instalacións e viario municipal durante o presente exercicio económico 2010, concretándose inicialmente nun conductor de camión (oficial III), 1 peón de obras e limpeza viaria (oficial IV) e 1 albanel (oficial III) .

2. PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN

As contratacións terán carácter laboral temporal de duración determinada, a tempo completo, na modalidade de “obra ou servizo determinado (modelo PE 177)”.

As percepcións e demais condicións laborais veñen establecidas no I Convenio Colectivo para o persoal laboral do Concello de Brión.

3. PUBLICIDADE

A publicidade da convocatoria farase mediante bando municipal polas diferentes aldeas do concello, mediante anuncio a través da páxina web municipal www.concellodebrion.org e www.briondixital.org e no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña. O resultado final da mesma serán publicados nos mesmos medios.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

a.- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto a continuación. Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como personal funcionario, en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción de aqueles que directamente ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que ten por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas. Estas previsións serán aplicables, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois ou dos nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estén separados de dereito e aos seus descendentes e aos do seu cónxuxe que non estén separados de dereito, sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes. Extenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Os extranxeiros aos que se refire o apartado anterior e con residencia legal en españa poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

b.- Poseer a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de ser o caso da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d.- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos no acceso ao emprego público.

- e.- Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente.
- d.- Estar en posesión do carné C, no caso dos aspirantes a conductor.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

5.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os aspirantes que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde, segundo o modelo que se prevé no anexo I, no Rexistro de Entrada do Concello de Brión.. O prazo de presentación rematará o día 20 de febreiro de 2010, ás 13.00h.

No caso de presentaren a solicitude nun lugar distinto do Rexistro do Concello de Brión, prégase as/aos interesadas/os a remisión por fax dunha copia da instancia ao número 981 887431 ou ben ao enderezo electrónico cbrion@tresnet.com nas vinte e catro horas seguintes ó do día da súa presentación.

Á instancia unirase, inexcusablemente:

- Copia compulsada do DNI.
- Copia compulsada do carné de conducir.
- Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia debidamente compulsada da experiencia laboral, onde apareza claramente reflexada a data do inicio e do remate da contratación, así coma a categoría profesional (certificado da vida laboral e copia dos contratos de traballo). O mesmo no referido á formación que se achegue.
- Declaración xurada de cumprir cos requisitos desta convocatoria.

6.- SISTEMA DE SELECCIÓN:

FASE DE CONCURSO:

Consistirá na valoración dos méritos alegados segundo o seguinte baremo:

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 1.- Por cada mes traballado na empresa privada a xornada completa 0,1 punto por mes, realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, ata un máximo de 2 puntos.
- 2.- Por cada mes traballado na administración pública a xornada completa, 0,2 puntos por mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, ata un máximo de 3 puntos.

A experiencia laboral para ser valorada deberá vir debidamente xustificada mediante copia cotexada ou orixinal dos contratos de traballo, e indicará de xeito claro o seu inicio e terminación así como a categoría profesional pola que fora contratado, non valorándose aqueles contratos que non o xustifiquen debidamente. Acompañarase en todo caso o informe de vida laboral. Valorarase ata un máximo de 3 puntos.

FORMACIÓN

- 1.- Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias do traballo a desenvolver ou declarado de interese pola Administración, realizados por calquera organismo oficialmente homologado: 0,20 puntos por cada 30 horas formativas.
Aqueles cursos, xornadas, diplomas ou certificacións de asistencia que non acrediten unha duración mínima de 30 horas descartaranse da puntuación.
- 2.- Título de iniciación en lingua galega ou convalidación CELGA: 0,25 puntos.

A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado é de 2 puntos.

O tribunal non poderá estimar o non alegado nin probado polos aspirantes.

CARNÉS

No caso dos albaneis e dos peóns valorarase a posesión de carné de conducir tipo B con 0,5 puntos.

ENTREVISTA:

Consistirá nunha entrevista persoal a cada un dos candidatos e versará sobre as funcións a desempeñar, o coñecemento en xeral do Concello de Brión, a experiencia persoal e a formación do aspirante.

Valorarase ata un máximo de 4 puntos.

En caso de empate entre os candidatos presentados terá preferencia a persoa que teña máis puntuación na fase concurso, no apartado de experiencia profesional.

7.-COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL

PRESIDENTE.- Un funcionario/a de carreira do Concello de Brión.

SECRETARIA.- AEDL do Concello de Brión ou persoa que se nomee como substituta.

VOCAIS:

- Xefe de obras ou persoa que se nomee como substituta.
- Xefe de vías ou persoa que se nomee como substituta.
- Aparellador/a municipal ou persoa que se nomee como substituta.

Para a válida actuación do Tribunal será precisa a presenza da maioría dos seus membros ou de quen legalmente os substitúa. O Tribunal está facultado para interpretar as presentes bases, resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa marcha das probas, en todo o non previsto nas mesmas.

8.-PUNTUACIÓN FINAL

Os candidatos seleccionados serán os que obteñan a maior puntuación, sumadas a fase de concurso a de entrevista persoal.

Cos candidatos que non obtiveron praza elaborárase unha lista de agarda que estará formada polos outros aspirantes que non obtiveron praza, ordeadas de maior a menor puntuación. Esta lista de agarda servirá para substitucións ou aumentos de persoal que se dean durante período obxecto desta convocatoria.

Rematada a selección, o Tribunal publicará no Taboleiro de anuncios do Concello a relación de aspirantes pola orde de puntuación obtida por cada un deles, seleccionándose aos aspirantes que alcancen maior puntuación.

Os aspirantes seleccionados, previamente á súa contratación, e no prazo de cinco días naturais dende a súa proposta de nomeamento, deberán xustificar documentalmente os requisitos sinalados nos apartados c) e d) da base cuarta, mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes.

b) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

9.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Os contratos formalizaráanse por escrito cos aspirantes seleccionados. Mentres non se formalicen os contratos, os aspirantes propostos non terán dereito a percepción de cantidade económica algunha. No non previsto nas presentes bases, será de aplicación o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación, así como as que se deriven do I Convenio Colectivo para o persoal laboral do Concello de Brión.

10.- INTERPRETACIÓN.

A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos á Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e en todo referente á contratación estarase ó disposto na lexislación laboral vixente.

11.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaránse nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Brión, con sede na Praza do Concello, 2 (Brión), onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaria solicitude asinadas por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consintan o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a calificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Asimesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

Brión, 8 de febreiro de 2010

O alcalde,

José Luís García García

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso de selección de persoal laboral temporal para o posto de _____, DECLARANDO que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello de Brión.

Achégase a documentación relativa á fase de concurso (orixinais ou copias compulsadas), así como unha fotocopia de DNI.

DATOS PERSOAIS

DNI:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

TELÉFONO DE CONTACTO CON PREFIXO/TELÉFONO MÓBIL:

DOMICILIO

Enderezo:

Código postal:

Solicita tomar parte na selección en réxime laboral temporal para o posto sinalado máis arriba.

BRiON, de febreiro de 2010.

(SINATURA)

A instancia acompáñase de (sinalar cun X según proceda):

- Copia compulsada do DNI.
- Copia compulsada do carné de conducir.
- Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia debidamente compulsada da experiencia laboral, onde apareza claramente reflexada a data do inicio e do remate da contratación, así coma a categoría profesional (certificado da vida laboral e copia dos contratos de traballo).
- Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia debidamente compulsada da formación aportada polo aspirante.
- Declaración xurada de cumprir cos requisitos desta convocatoria.

*De conformidade co establecido na LEI ORGÁNICA 15/1999, DE 13 DE DECEMBRO, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL (LOPD), infórmase ao interesado/a que os datos facilitados neste formulario incorporaranse ao ficheiro automatizado do que é titular o **Concello de Brión**, con enderezo en Praza Carballeira de Santa Minia, 2 (Brión). Vostede poderá exercer, en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, previstos pola Lei. Ao asinar este formulario vostede autoriza expresamente a utilización dos seus datos persoais en tódalas actividades relacionadas co proceso de selección.*

Sr. Alcalde do Concello de Brión.